



Curso 2019/2020

Centro Autorizado Profesional de Música
“Cantiga”
Sarria (Lugo)

Adaptación Programación
Didáctica de Violín
Departamento Corda
Data: 12 Maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesor:

Hugo Rodríguez Rey

MATERIA DE VIOLÍN

Seguindo o indicado no R.D. 463/2020, na Orde EFP/365/2020 e nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o **Centro Autorizado Elemental e profesional de Música Cantiga de Sarria (Lugo)** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de VIOLÍN para o curso 2019-20:

ÍNDICE

1. Avaliación, cualificación e mínimos esixibles
2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
3. Información e publicidade

1. Avaliación, cualificación e mínimos esixibles

Avaliación

PROCEDEMENTOS:

O profesor ten no seu caderno os datos das dúas primeiras avaliacións, e recollerá un resumo do traballo realizado en cada unha das sesións de clase efectuadas (por medios telemáticos) durante este tempo.

En dito caderno quedará reflectido o cumprimento, ou non dos obxectivos da 1ª e 2ª

AVALIACIÓN.(Se non se cumpren, os obxectivos da 3ª recupéranse no curso seguinte.)

Támén se analizarán as gravacións (audios e videos) enviados polos alumnos.

Instrumentos:

Caderno do profesor que inclúe todas as anotacións efectuadas ao longo do curso

Audicións

Gravacións

Videos

Cualificación final

A cualificación final está baseada nas cualificacións obtidas nas avaliacións anteriores, e o traballo realizado durante este Terceiro trimestre só terá carácter sumatorio. Poderase incrementar en **2** puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos).

A nota final resulta do desglose dos seguintes aspectos:

INTERPRETACIÓN 30%

TÉCNICA 30%

ACTITUDE E INTERESE NAS CLASES 20%

AUTONOMÍA NO ESTUDIO INDIVIDUAL 20%

Elaborarase un INFORME a final de curso , para TODOS OS ALUMNOS, con independencia da súa cualificación.

Proba extraordinaria de setembro

Os alumnos que ao final de curso non consigan acadar unha cualificación positiva, terán dereito a presentarse ás probas extraordinarias de setembro.

En estos casos o prof titor entregará ao alumno un informe de avaliación negativo. No informe, ademais de expoñer os obxectivos non acadados, indicará o traballo que deberá vir resolto, e detallando os estudos e obras requeridos.

(baseado na metodoloxía e bibliografía orientativa)

Alumnado de materia pendente

Criterios de avaliación:

Os alumnos deberán interpretar correctamente o repertorio traballado nas avaliacións 1º e 2º (presenciais), de acordo cos aspectos técnicos e musicais que figuran na programación.

Criterios de cualificación:

A cualificación efectuarase seguindo os mesmo criterios expostos con anterioridade

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Valoración da interpretación, según os aspectos recollidos nos criterios de cualificación.

▪ MÍNIMOS ESIXIBLES

– GRAO ELEMENTAL

En cada curso non formarán parte dos mínimos esixibles para a avaliación positiva os estudo/s, escala/s, obra/s e ou peza/s correspondentes ao terceiro trimestre aínda que sí se valorarán positivamente para a mellora de cualificación.

Deste xeito, os contidos mínimos esixibles para todos os cursos de grao elemental serán:

- a) Tres escalas e arpexos.
- b) Seis obras ou pezas das cales 2 deben ser interpretadas de memoria ou catro pezas e un Concertino do cal 2 deben ser interpretados de memoria.
- c) Dous estudos.
- d) Unha audición pública no caso de ser convocado polo profesorado.

– GRAO PROFESIONAL

En cada curso non formarán parte dos mínimos esixibles para a avaliación positiva os estudo/s, escala/s, obra/s e ou peza/s correspondentes ao terceiro trimestre aínda que sí se valorarán positivamente para a mellora de cualificación.

Deste xeito, os contidos mínimos esixibles para todos os cursos de grao profesional serán:

- a) Tres escalas e arpexos no número de oitavas correspondente ao curso con cambios de posición e con tódolos golpes de arco básicos que figuran nos contidos de dito curso.
- b) Catro estudos dos cales un debe ser interpretado de memoria.
- c) Dúas pezas e un Concertino ou Concerto. As dúas pezas ou o concerto deberán ser interpretadas de memoria.
- d) Participación nunha audición pública como mínimo no caso de ser convocado polo profesorado.

No sexto curso a participación no recital de fin de Grao Profesional non se terá en conta debido á súa cancelación de xeito presencial.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Actividade

- Habrá sesións de clases telemática (cuando o Profesor e máis o alumno dispoñan de medios), e envío de gravacións por parte dos alumnos, que serán revisados polo profesor , e comentados ao alumno.
- Titorías virtuais todas as semanas (por vídeo chamadas)
- Dudas por whatsapp ou medios similares
- Vídeos titoriais , etc.
- Anotacións e explicacións a través das propias partituras

Metodoloxía (alumnado con conectividade , e sen conectividade)

Os profesores de esta especialidade puxéronse en contacto cos alumnos mediante Skype, Whatsapp, Cisco, Google meet , envío de partituras con todas as anotacións e correccións, videoclases por Skype, e reenvío por correo de partituras novas, envío de acompañamento de piano de diversas partituras , e videos de youtube.

Hai comunicación continua con todos os alumnos.

Os alumnos remiten gravacións de videos, e audios.

Materiais e recursos

Facer vídeo clases por Skype ou similar. Envío de audios feitos polo profesor para que o alumno os imite. Envío de partituras por correo electrónico. Envío de enlaces de vídeos de Youtube, etc,todo o que permita a conectividade do alumno

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Correo electrónico, Skype, teléfono, Whatsup, etc.

Publicidade

Publicación na páxina web do centro.

Isto é aplicable a todos os curso de Grao Profesional.